



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Patrimonio e Contratación



FUNDACIÓN CIEC

Centro Internacional de la Estampa Contemporánea

Número 111 / 2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA A REALIZACIÓN DO PREMIO INTERNACIONAL “JESÚS NÚÑEZ” DE ARTE GRÁFICA DO ANO 2023.

Na Coruña, a 15 de decembro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don Pedro Miguel González Galilea, en representación da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

- 1.- Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.- Que a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea constituíuse na cidade de Betanzoso día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.
- 3.- Que a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.
- 4.- Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea de Betanzos e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador, a Deputación da Coruña convoca anualmente o *Premio Internacional “Jesús Núñez” de ArteGráfica*.
- 5.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (NIF G15600976), na xestión do Premio Internacional “Jesús Núñez” de Arte Gráfica do ano 2023 e na

exposición itinerante que é inaugurada na sede da Fundación, de conformidade co seguinte:

- * Organización do premio
- * Recepción, inventariado, almacenaxe, embalaxe e devolución de obras
- * Preparación da reunión do xurado
- * Exposición do premio, presentación e publicidade

II.- Obrigas das partes

Para acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes representadas comprométense nas seguintes actuacións:

- a) Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea de Betanzos:
- Diseñar a difusión da convocatoria e publicala en medios especializados
 - Recepcionar e rexistrar as obras presentadas ao Premio.
 - Enviar á Deputación un listado das obras presentadas no que consten os datos identificativos dos autores, o título das obras e as súas características técnicas.
 - Custodiar as obras e mantelas en perfecto estado de conservación ata a súa devolución.
 - Preparar a reunión do xurado que se celebrará na sede da Fundación.
 - Devolver as obras non seleccionadas por mensaxería a portes debidos.
 - Ceder o espazo necesario para a Exposición do premio, presentación e publicidade.
 - Presentar o premio en feiras especializadas e acondicionar o stand.
- b) A Deputación Provincial da Coruña:
- Realizar a exposición inaugural do *Premio Internacional "Jesús Núñez" de Arte Gráfica* na sede da Fundación.
 - Editar un catálogo do *Premio Internacional "Jesús Núñez" de Arte Gráfica* coas obras seleccionadas para a exposición.
 - Facer constar a colaboración da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea na convocatoria do premio e na súa difusión.

III.- Orzamento de gastos

A Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea desenvolverá as actuacións que se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Seguro para as obras do premio.....	742,00 €
Gastos de persoal da fundación.....	2.599,00 €
Cartonaxe e envíos das obras.....	499,00 €
Deseño e difusión da convocatoria	530,00 €
Presentación en ferias e acondicionamiento stand	509,00 €
Total	4.879,00 €

IV.- Financiamento.

A Deputación da Coruña aboará os gastos recollidos no orzamento, cunha achega máxima de **4.879,00 €**, tal e como se indica na cláusula terceira. Este importe imputarase á aplicación orzamentaria 0612/3342/22609 do Orzamento do ano 2023.

V.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea unha vez que se presente a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula terceira.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

No caso dos gastos de persoal, achegaranse as nóminas do persoal da Fundación e indicarse a porcentaxe de imputación de gasto que corresponda á realización das actuacións obxecto do convenio.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período de vixencia do convenio.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para que sexan comprobadas pola Deputación.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

VI.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

VII.- Protección de datos

Para o cumprimento do obxecto do convenio, a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea realizará o tratamento de datos das persoas que se presenten á convocatoria do Premio, polo que a Fundación terá a consideración de encargado do tratamento de datos de carácter persoal.

Finalidade

Mediante a presente cláusula habilitase á Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea como encargado do tratamento, para tratar por conta da Deputación da Coruña, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios coa finalidade de executar as prestacións derivadas do presente convenio.

A fundación utilizará os datos persoais só para a finalidade obxecto deste convenio. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

Obrigas sobre o tratamento de datos persoais. O encargado do tratamento está obrigado a:

- a. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento só para a finalidade obxecto deste convenio.
- b. Cumprir en todas as fases de desenvolvemento do convenio, na súa terminación e con posterioridade, a normativa nacional e da Unión Europea na materia de protección de datos, sendo responsable de calquera infracción desta.
- c. Presentar, se é o caso, antes da execución, unha declaración na que poña de manifesto onde van estarsituados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a estes.
- d. Comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do convenio, da información facilitada na declaración a que se refire a letra c) anterior.
- e. Comunicar, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a estes, o nome ou o perfil empresarial, definido pola referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.
- f. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.

g. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

h. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste convenio que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar, previamente e por escrito, á Deputación da Coruña, cunha antelación de quince días hábiles, indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando, de forma clara e inequívoca, a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. Poderá levar a cabo a subcontratación se a Deputación non manifesta a súa oposición no prazo de dez días hábiles.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, queda sometido expresamente á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos e está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dote o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

i. Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

- Evitarase o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais, e deixar os datos persoais expostos a terceiros. Cando calquera persoa se ausente do posto de traballo, bloquearase a pantalla ou pecharase a sesión.
- Os documentos en papel e soportes electrónicos almacenaranse en lugar seguro (armarios ou estancias de acceso restrinxido) durante as 24 horas do día.
- Non se refugarán documentos ou soportes electrónicos (CD, lapis de memoria, discos duros, etc.) condados persoais sen garantir a súa destrución.
- Non se comunicarán datos persoais ou calquera información persoal a terceiros.
- O deber de secreto e confidencialidade persistirá, mesmo cando finalice a relación laboral da persoa traballadora coa entidade.

j. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informar convenientemente.

- Garantirase a existencia de contrasinais para o acceso aos datos persoais almacenados en sistemas electrónicos.
- Cando aos datos persoais accedan distintas persoas, para cada persoa con acceso aos datos persoais, dispoñerase dun usuario e contrasinal específicos (identificación inequívoca).
- Garantirase a confidencialidade dos contrasinais, evitando que queden expostas a terceiros.
- En ningún caso se compartirán os contrasinais nin se deixarán anotadas en lugar común e o acceso de persoas distintas da persoa usuaria.

k. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

l. Manter, ao dispor da Deputación da Coruña, a documentación acreditativa do cumprimento das obrigacións establecidas nos apartados anteriores.

m. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de protección de datos.

n. Notificar ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia. (Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que a devandita violación da seguridade constituía un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.)

Correspóndelle ao encargado do tratamento comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos e ás persoas interesadas, naqueles supostos en que os datos se

traten exclusivamente cos sistemas do encargado. A comunicación conterá, como mínimo, a información establecida nos artigos 33 e 34 do Regulamento xeral de protección de datos (RYPD)

o. Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

p. Implantar as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas eservizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico outécnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

As obrigacións recollidas nas letras a) a e) anteriores teñen o carácter de esenciais para os efectos do establecido no artigo 211.1.f) da LCSP.

Incumprimento

O adxudicatario responderá dos danos e perdas causados polo tratamento cando incumpra as obrigacións específicas dos encargados establecidas na normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos ou actúe á marxe ou en contra das estipulacións establecidas no presente convenio.

Duración

Unha vez finalizados os traballos obxecto do convenio, o encargado do tratamento deberá devolver á Deputación da Coruña ou a aquel encargado que designe a Deputación, os datos de carácter persoal e, seé o caso, os soportes onde consten.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, en tanto poidan derivarse responsabilidades da súa relación co responsable do tratamento.

O bloqueo dos datos consiste na identificación e reserva destes, adoptando medidas técnicas e organizativas, para impedir o seu tratamento, incluíndo a súa visualización, excepto para a posta ao dispor dos datos aos xuíces e tribunais, o Ministerio Fiscal ou as Administracións públicas competentes.

A Deputación resérvase a facultade de realizar, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, calquera comprobación sobre o correcto bloqueo dos datos

VIII.- Causas de resolución.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

IX.- Xurisdición.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

X.- Vixencia.

O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, ou a súa extinción.

Tamén por acordo expreso de ámbalas dúas partes e por causa debidamente xustificada, o convenio poderá ser obxecto de modificación, sen variar o seu obxecto nin o orzamento de gastos.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de presidencia 32866 o **28 de agosto de 2023**.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**A REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN CENTRO
INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA**

Asdo.: Natividad de Jesús González Rodríguez

Asdo.: Pedro Miguel González Galilea

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil